

ACTA

Da sesión **extraordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

17 de xaneiro de 2025

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as dez horas do día dezasete de xaneiro de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D. Ricardo Martínez Chantada (PP), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste a deputada D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente a Sra. Viceinterventora, D^a. Susana Escaloni Varela.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.



Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8329.- **TOMA DE POSESIÓN DE DON RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA COMO DEPUTADO PROVINCIAL (EXPTE. 2025001988)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/SkRUyiswgLUUBGQlf3GyC8uxoq2kirsQywJ90jfTacGdyEth>

Sr. Presidente.- Moi bo día a todas e a todos. Vamos a dar comezo a esta sesión extraordinaria prevista para hoxe ás 10 da mañá, onde hai un único punto da orde do día que é a toma de posesión de don Ricardo Martínez Chantada como deputado provincial. Ten a palabra o secretario don Carlos Cuadrado.

Sr. Secretario.- Recibiuse da Xunta Electoral Central a credencial de deputado provincial a favor de Ricardo Martínez Chantada, e toda vez que presentou nesta Secretaría Xeral a declaración de bens patrimoniais, declaración de causas de posible incompatibilidade, así como a liquidación do imposto sobre a renda, non hai, pois, obstáculo legal para a súa toma de posesión.

Sr. Martínez Chantada.- Xuro pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado provincial con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Presidente.- Bueno, querido Ricardo, benvido á Deputación, na teu primeiro día, ou primeiro encontro como deputado unha cuestión que estaba prevista para mediados de ano, pero que o feito de que a exdeputada Isabel Couselo fora chamada para outros quefaceres pois provocou anticiparse. Eu che quero desexar a maiores das sortes os acertos todos habidos e por haber, porque os teus acertos van a ser os de toda unha provincia, e moi orgulloso de que formes parte deste fantástico equipo de goberno que xa outras administracións quixeran ter, e logo desa perspectiva que tes, desde o punto de vista profesional como alcalde, con experiencia contrastada e que nos a vai a seguir permitindo afondando nese municipalismo que caracteriza a esta



Deputación. Así que, e vaian os meus parabéns en nome de todos os compañeiros e xa empezar a traballar desde o minuto un, é dicir, en 20 minutos, Xunta de Goberno, vou a cederlle a palabra aos restantes voceiros. Ten a palabra dona Ana Laura Iglesias.

Sra. Iglesias González.- Agora, si, si, bueno, grazas, presidente. Bueno, pois darlle a benvida, como non podía ser doutro xeito, por parte do Grupo Provincial Socialista, a esta casa, a esta nosa casa, que non é solamente nosa se non é de todas las pontevedresas e pontevedreses, xa traballamos xuntos e xuntas, e, bueno, tamén na anterior etapa da deputación sabemos da súa capacidade como alcalde e como xestor, e estamos, pois seguros que trasladará toda esa experiencia que ao longo dos anos ten recollida nesa labor súa como alcalde para facer o mellor pola nosa provincia, así que pola nosa parte nada máis, benvido e moita sorte no seu novo cargo.

Sr. Presidente.- Ten a palabra o voceiro do Bloque. Ten a palabra o voceiro don César Mosquera, do Bloque Nacionalista Galego.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas, Sr. Presidente. A verdade é que estou contento, porque é un síntoma de normalidade que o relevo neste caso se produza sen que en este caso deputadas saíntes se dean a fuga, non, porque como dixen outras veces neste mandato, dúas persoas que entón renunciaron, que foron a vicepresidenta Marta e Carlos, houbo un terceiro, e Carlos Font, pois non viñeron nin despedirse, cousa que a min pois, e xa o teñen notado, que non me gusta especialmente non, creo que é un síntoma de normalidade que haxa, pois unha sucesión, digamos, con boas, con boas formas e co detalle de virse, de virse a despedir. É unha segunda observación, Sr. Presidente, non ten abuela, ¿non?, digo eu, creo que todo o mundo sabe que cando alguén se bota unhas loubanzas a si mesmo esaxeradas, pois díselles, é que este non ten avoa, para que lle diga, dígoo por iso que, e aproveita a ocasión para dicir que ten o mellor goberno do mundo e que vostede é o mellor presidente do mundo se supón, bueno ...

Sr. Presidente.- O de presidente non o dixen ao mellor.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Non, xa sei que non o dixi, bueno, pero, pero bueno, pero parece que creo que en todo caso, en todo caso, vaíamos ó importante, que é que toma posesión un novo deputado, e as Deputacións son un ente



moi estraño, moi estraño, no que se poden facer marabillas e se poden tamén facer desastres, e o fío entre unha cousa máis outra ás veces non é nada fácil de distinguir, non é nada fácil de distinguir, e que ten unhas características que xa irá descubrindo vostede a medida que vaia que vaia actuando, e pola nosa parte pois desexarlle que o faga o mellor posible e que caia de pé que as responsabilidades que lle asignen pois as dea satisfeito, as de cumprido o mellor posible, porque sería bo para todos. Aquí na Deputación, unha das estrañezas, é que non somos elixidos, co cual pode traballar con bastante máis tranquilidade que coa presión de todos os días do veciño que quere e que despois ó día seguinte ou dentro de tres anos ou dous, vaia a votar e, polo tanto, a ver como toureo tal, eso aquí non sucede, son outras condicións diferentes, que xa digo que se poden utilizar para o bo ou para o non tan bo. Eu estou convencido de que a súa intención sexa utilízalas para o bo, e agardo que así o logre, porque sería bo para todos os concellos da provincia e sería bo para todos os veciños e veciñas da provincia, nada máis, desexarlle que lle vaia moi ben aquí e pola nosa parte, pois a disposición para criticar o que non nos guste e tamén para colaborar ou para aportar o que poidamos aportar.

Sr. Presidente.- Ben, moitas grazas. Damos por finalizado entón este pleno extraordinario. Moitas grazas, bo día.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e dezasete minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 17 de xaneiro de 2025 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome “Pleno extraordinario 17-xaneiro-2025”, que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade SHA512 -
172e55eae7bb0d0045c519e2b9535f516242fe51e7c6035d45496ab34ad8fde8aa
e2f5142467f905fbf85e88ff98c9e6b709ac7293bf70a5d600e96088b44c7c
xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.



No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesión. O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa: <https://depontevedra.seneca.tv:443/watch?id=OWI1OTJkZTMtOGM0MS00MmJkLWJmNDAtMDg0MDY2MDQ3MWRi>

Minutaxe -----

00:00:01 - Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Secretario; Interventor; Guisasola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Bastos Míguez, María Sandra; Álvarez Carrero, Roberto José; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro Anta, Belén; Castro Domínguez, María Nava; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro; Martínez Chantada, Ricardo; Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna Rosa; Iglesias González, Ana Laura; Agís Gómez, Gregorio Luís; Ferreira González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz, Gorka; Gómez Prado, Carlos; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María Manuela; Ortega Iñarrea, María; Mosquera Lorenzo, César; Lomba Rodríguez, Beatriz.

00:04:45 : 1. Toma de posesión de Don Ricardo Martínez Chantada como deputado provincial (Expte.- 2025001988).

00:04:45 - López Diéguez, Luis
00:05:07 - Secretario
00:05:37 - Martínez Chantada, Ricardo
00:06:33 - López Diéguez, Luis
00:07:49 - Iglesias González, Ana Laura
00:08:34 - López Diéguez, Luis
00:08:49 - Mosquera Lorenzo, César
00:10:10 - López Diéguez, Luis
00:10:26 - Mosquera Lorenzo, César
00:12:28 - López Diéguez, Luis

-- o --

